

PROCEDIMENTO PARA A SOLICITUDE DA PRODUCCIÓN DE TRANSFERENCIA DO ANO 2015 (PT 2015)

O procedemento consta das seguintes partes:

- 1. Introducción dos méritos do persoal investigador na aplicación e validación polos departamentos dos méritos cuxa avaliación se solicita.**
- 2. Remisión do listado definitivo de méritos validados a través dos rexistros oficiais da Universidade de Vigo.**
- 3. Valoración pola Comisión de Investigación dos méritos que non poden ser valorados automaticamente.**
- 4. Avaliación provisional da PT 2015.**
- 5. Reclamacións á Avaliación provisional a través dos rexistros oficiais da Universidade de Vigo.**
- 6. Revisión das reclamacións.**
- 7. Avaliación definitiva da PT 2015.**

1.- Introducción dos méritos do persoal investigador na aplicación e validación polos departamentos dos méritos cuxa avaliación se solicita (ata o 17 de outubro de 2016).

Os méritos poderán ser introducidos na aplicación dende o día de publicación da convocatoria, e os departamentos poderán establecer os prazos internos que consideren axeitados para a recollida da documentación acreditativa, revisión da mesma e validación dos méritos.

Os datos dos méritos pódense introducir en calquera orde. Pódense facer todas as modificacións que se crean necesarias ata o remate do prazo de introdución de méritos, previamente á validación dos mesmos polo departamento.

Serán introducidos polo persoal de Servizos Centrais, e polo tanto non deberán ser introducidos polo persoal investigador, os seguintes méritos:

- A. PROXECTOS, COLABORACIÓNS E CONVENIOS CON EMPRESAS**
- B. CONTRATOS DE LICENZA**
- C. PROPIEDAD INDUSTRIAL**
- D. CREACIÓN DE EMPRESAS DE BASE TECNOLÓXICA (EBT)**

Estes méritos estarán dispoñibles para seren consultados na aplicación na súa totalidade dende o día de publicación da convocatoria.

Non encher campos obrigatorios ou duplicar méritos xa existentes supón a non validación do mérito en cuestión.

De xurdir problemas durante a introdución dos méritos prégase que se comunique mediante a opción Aplicacións << As miñas peticións do menú que aparece na parte superior do SUXI-XC .

Os departamentos revisarán os méritos introducidos na aplicación, tendo en conta a documentación acreditativa presentada e os criterios de avaliación, e validarán os mesmos.

No caso de que os méritos introducidos teñan datos que non se correspondan coa documentación acreditativa terán que ser modificados para poder ser validados.

NON SE ACEPTARÁ NINGUNHA RECLAMACIÓN SOBRE OS SEGUINTE SUPOSTOS:

- Soportes e/ou méritos non introducidos na aplicación.
- Asociacións dos méritos aos/ás investigadores/as non introducidas na aplicación
- Datos non introducidos na aplicación cando sexan obrigatorios.
- Datos corrixidos ou introducidos no resumo impreso.
- Incongruencia entre os datos presentados en rexistro e os existentes na aplicación.

2.- Remisión do listado definitivo de méritos validados a través dos rexistros oficiais da Universidade de Vigo (21 de outubro de 2016).

Os departamentos deberán imprimir o listado definitivo de méritos validados cuxa avaliación se solicita, descargando o arquivo Excel ou pdf da aplicación informática, e remitilo á Vicerreitoría Investigación e Transferencia, indicando o visto bo do Consello de Departamento como se require nos criterios de avaliación da PT 2015.

Co listado definitivo deben achegar á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia a través dos rexistro oficiais da Universidade de Vigo a documentación acreditativa relativa aos méritos que non son introducidos de xeito automático polo persoal de Servizos Centrais (apartados E, F, G, H, I) para a súa avaliación pola Comisión de Investigación. Non se terán en conta os méritos que non sexan acompañados da súa correspondente documentación acreditativa nin os que non sexan tramitado a través do rexistro oficial da Universidade de Vigo.

A documentación que xustifique os méritos pode ser a seguinte:

- Resultados da creación artística: documentación que acredite os seguintes indicios de calidade:
 - Ámbito (local, provincial, autonómico, estatal, internacional)
 - Documento xerado
 - Premio e adquisicións
 - Canle de difusión
 - Concursos, adxudicación e patrocinio
 - Evidencia da obra
- Creación literaria competitiva: documento que acredite a adxudicación do premio.
- Creación literaria non competitiva: documento que xustifique a invitación.
- Elaboración de dicionarios: exemplar orixinal.
- Software libre e open source: documentación que acredite a autoría do software liberado segundo os criterios de produción de transferencia 2015.
- Actividades de promoción: Folletos, Programas, copia de material promocional, outra documentación xustificativa.

- Organización de congresos: Folletos, Programas, copia de material promocional, outra documentación xustificativa.
- Actividades non lucrativas de carácter representativo ou asesoramento: certificado ou escrito xustificativo da entidade distinta a Universidade de Vigo que xustifique a realización da actividade e o seu carácter non lucrativo.
- Publicacións de divulgación científica educativa: orixinal ou copia completa do traballo no que conste a data de publicación, nome da publicación e autores e/ou autoras.
- Comités de estandarización, coautoría ou edición de normas: documento que acredite a participación, coautoría ou coedición.
- Autoría de recensión: orixinal ou copia completa do traballo no que conste a data de publicación, nome da publicación e autores e/ou autoras.
- Traducións de libros técnicos ou literarios: No caso de obras completas presentárase o exemplar orixinal. No caso de capítulos poderase presentar a obra orixinal ou unha fotocopia do capítulo, e das páxinas onde se indique toda a información necesaria para a avaliación do mérito.

Para acreditar os méritos correspondentes aos apartados (E,F,G,H, I) haberá que ter en conta o punto B dos criterios xerais que figuran no criterios de avaliación da PT 2015 no que se fai referencia á obrigatoriedade de xustificar que a persoa responsable pertence á Universidade de Vigo.

3.- Valoración pola Comisión de Investigación dos méritos que non poden ser valorados automaticamente.

A Comisión de Investigación reunírase para decidir sobre a valoración dos méritos que non poden ser valorados automaticamente. Esta valoración será trasladada ao persoal de xestión da investigación para a súa introdución e validación no SUXI-XC.

4.- Avaliación provisional da PT 2015.

Unha vez finalizadas as etapas anteriores e realizadas as operacións necesarias na aplicación pola Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, comunicárase aos departamentos que está dispoñible a Avaliación provisional da PT 2015, para a súa consulta no SUXI-XC .

5.-Reclamacións á avaliación provisional a través dos rexistros oficiais da Universidade de Vigo.

O persoal investigador poderá consultar o estado e valoración dos seus méritos. Desde o momento no que se comunique que está dispoñible a Avaliación provisional establecerase un período no que os departamentos poderán presentar reclamacións polo medio que se estableza. O formulario correspondente será posto a disposición dos departamentos na web da Universidade.

6.-Revisión das Reclamacións.

As reclamacións serán revisadas polo persoal de xestión da investigación, e avaliadas pola Comisión de Investigación de ser necesario. Posteriormente, corríxase a clasificación dos méritos que o requiran na aplicación informática.

7.-Avaliación definitiva da PT 2015.

Unha vez realizadas as correccións correspondentes, comunicarase que está dispoñible a Avaliación definitiva e remitirase o importe correspondente a cada departamento, se procede.

Importante:

Deberase entregar a través dos rexistros oficiais da Universidade de Vigo:

- O listado definitivo de méritos validados (punto 2)
- As reclamacións á avaliación provisional (punto 5).

En caso de non seguir esta vía non se terá en conta a documentación entregada.

Non existirá unha comunicación expresa a cada investigador ou investigadora sobre o resultado da avaliación definitiva, xa que a notificación faise ao departamento. No entanto, o persoal investigador poderá consultar o estado dos seus méritos no SUXI-XC .

Lémbrese que a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia levará a cabo unha comprobación dos datos rexistrados con posterioridade á avaliación provisional, podendo aplicarse as penalizacións previstas nos criterios de avaliación da PT 2015 en caso de detectase o rexistro de méritos non avaliábeis ou méritos para os cales non exista a documentación xustificativa completa.

A data límite para a realización desta comprobación por mostraxe por parte da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia e, polo tanto para a custodia da documentación acreditativa dos méritos nos departamentos será o 31 de decembro de 2017.